

# **Proxecto Lingüístico 2020-2024**

**IES Camilo José Cela**

**Data de aprobación en Claustro: 11/02/2020**  
**Data de aprobación en Consello Escolar: 11/02/2020**

**COMISIÓN REDACTORA:**

**Manuel González Alvarellos** (Director)

**Noa Pérez González** (Xefa do Departamento de Lingua Galega e Literatura)

**Violeta Pérez Figueroa** (Xefa do Departamento de Lingua Castelá e Literatura)

**Cristina Estévez Babarro** (Xefa do Departamento de Francés)

**Paloma Suárez de Centi Caruncho** (Xefa do Departamento de Latín e Grego)

**María Dolores Doval Suárez** (Xefa do Departamento de Inglés)

**Isaura Barciela Varela** (Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega)



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	..... páx. 2
1.1. MARCO LEGAL	..... páx. 3
2. ANÁLISE DO CONTEXTO	..... páx. 3
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	..... páx. 8
3.1. ORIENTADOS Á CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	..... páx. 8
3.2. ORIENTADOS Á SITUACIÓN DO PROFESORADO	..... páx. 9
3.3. ORIENTADOS Á SITUACIÓN DO ALUMNADO	..... páx. 9
3.4. ORIENTADOS Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	..... páx. 9
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	..... páx. 10
4.1. MELLORA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CONTORNO	..... páx. 10
4.2. APOIO LINGÜÍSTICO AO PROFESORADO	..... páx. 11
4.3. POTENCIACIÓN DAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO ALUMNADO	..... páx. 11
4.4. MELLORA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	..... páx. 12
5. REPARTO DE MATERIAS POLO IDIOMA EN QUE SE IMPARTEN	..... páx. 13
6. MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS OFICIAIS	..... páx. 16
7. CONCRECIÓN DE MEDIDAS PARA IMPARTIR O CURRÍCULO INTEGRADO DE LINGUAS	..... páx. 18
8. OBXECTIVOS E MEDIOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BILINGÜE	..... páx. 21



## 1. INTRODUCCIÓN

A *Constitución Española*, vixente desde 1978, reconece no artigo 3 a cooficialidade do castelán e dos outros idiomas españois nas súas respectivas Comunidades Autónomas. O *Estatuto de Autonomía de Galicia* (1981), no seu artigo 5, establece que o galego é a lingua propia de Galicia, polo que os poderes públicos teñen a obriga de garantir o uso “oficial e normal” do galego e o castelán en Galicia e “potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

A *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*, establece no artigo 12 a oficialidade do galego en todos os niveis educativos e que a Xunta de Galicia regulamentará “a normalización do uso das linguas oficiais no ensino”. Asemade, no artigo 14, apartado 3, da devandita lei, establécese que as autoridades educativas deben garantir ao remate do ensino obrigatorio o coñecemento en igualdade do galego e o castelán, “nos seus niveis oral e escrito”.

No *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (artigo 14) indícase que cada centro docente, dentro do seu proxecto educativo, “elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares”. No mesmo artigo detállanse os aspectos principais que debe integrar o proxecto.

O *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, establece no seu artigo 11, apartado 10, que os centros docentes “impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa”. Tamén se indica neste mesmo apartado que “no proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas”.

O presente proxecto lingüístico pretende, entón, regular a lingua vehicular en que se imparten as materias no IES Camilo José Cela, establecer obxectivos e liñas de actuación para o fomento da lingua galega, concienciar dos beneficios do plurilingüismo e da aprendizaxe de linguas e concretar medidas para avanzar no tratamento integrado das linguas no currículo. Este proxecto será actualizado anualmente mediante unha *addenda* que se enviará á inspección educativa coa Programación Xeral Anual do centro.



## 1.1. Marco legal

- *Constitución Española. 1978.*
- *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.*
- *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.*
- *Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Texto consolidado 29 de xullo de 2015.*
- *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Texto consolidado 10/12/2016.*
- *Instrumento de ratificación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992.*
- *Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*
- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*
- *Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.*
- *Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.*
- *Instrución do 31 de xullo de 2013 para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.*

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO


Como figura en documentos base como PEC ou o Plan de Convivencia, o IES Camilo José Cela é un centro de ensino con xa máis de 50 anos de historia, que está enclavado no centro urbano da vila de Padrón, núcleo cunha poboación de preto de 8.500 habitantes. O IES acolle alumnos e alumnas do centro da vila de Padrón e tamén das parroquias rurais, sobre todo das de Herbón, Iria e Carcacía.



Nos cursos de Bacharelato, aínda que tamén nalgún da ESO, incorpórase alumnado que provén de centros veciños situados en concellos limítrofes, máis pequenos e rurais, como Rois, Cesures e Dodro. Podemos apreciálo na seguinte gráfica:

### Residimos en...

62 respostas




Esta configuración do alumnado, procedente en grande medida do medio máis rural, reflectirase nos usos lingüísticos, pois o mantemento do idioma galego, que mostra máis fortaleza en localidades pequenas e asociadas ao rural, maniféstase con claridade no noso contexto sociocultural, superando mesmo datos recollidos polo IGE en 2018 para concellos da provincia dunha poboación similar.

As enquisas previas deseñadas para obter información para a realización deste proxecto mostran un contexto socio-familiar en que o idioma galego aínda é maioritario. Así, perante a pregunta ás familias pola lingua predominante no fogar, as respostas son claras en relación á fortaleza da lingua galega no contorno:

### Cal é a lingua maioritaria de relación cos membros da familia no teu fogar?

63 respostas




Por outra parte, as familias manifestan un claro interese pola aprendizaxe de idiomas estranxeiros e pola potenciación do galego no ensino.




### Consideras beneficioso para o alumnado a impartición de materias en idiomas estranxeiros como o inglés?

63 respostas



### Segundo a túa opinión, debe potenciarse a presenza do galego no ensino?


63 respostas



Aínda así, algo que chama a atención en canto se analizan os usos lingüísticos do alumnado, é o retroceso do galego fronte ao castelán, sobre todo nos niveis máis baixos do ensino. Deste xeito, **na ESO**, unha vez enquisado o 94,5% do alumnado, son maioría os alumnos e as alumnas que manifestan expresarse habitualmente en castelán:

### En que lingua te expresas habitualmente?

154 respostas






Esta tendencia é radicalmente distinta nos  **cursos de Bacharelato**, seguramente pola madurez do alumnado e, sobre todo, porque nestes niveis é nos que se incorporan ao centro alumnas e alumnos procedentes dos concellos rurais limítrofes e cun maior emprego do idioma propio. Así, enquisado o 81,4% do alumnado de Bacharelato, afirma:

En que lingua te expresas habitualmente?


57 respostas



Aínda así, o alumnado de ESO manifesta que fala galego na casa nunha alta porcentaxe, maior do que o declara falar habitualmente como lingua maioritaria, o que cuestiona as dinámicas de promoción do idioma no ensino e na sociedade:

En que lugar falas máis en galego? Marca os que consideres.

155 respostas




Por outra parte, tanto as familias como o alumnado móstranse moi favorables ao estudo dos idiomas e tamén á impartición dalgunhas materias do currículo noutras linguas vehiculares que non sexan o galego ou o castelán. Así, tanto na ESO como no Bacharelato, o alumnado mostra interese no estudo de idiomas e ve beneficioso que se cursen materias en modalidades como as seccións bilingües, como se comproba nos seguintes gráficos, que recollen a opinión do alumnado da ESO:




### Esfórzaste en aprender outros idiomas?

153 respostas



### Cres que é beneficioso estudar algunhas materias noutros idiomas para mellorar a súa aprendizaxe?


156 respostas



Polo que se refire ao profesorado que desenvolve o seu labor docente no noso IES, maniféstase un interese xeral na aprendizaxe de linguas e unha valoración positiva do uso doutros idiomas como vehiculares en determinadas materias. Ademais, o profesorado manifesta usar o galego maioritariamente como lingua vehicular na súa práctica docente.

### Consideras positiva a impartición de materias do currículo noutras linguas vehiculares que non sexan galego e castelán?

22 respostas








## Lingua que empregas con carácter xeral na docencia


22 respostas



Outro dato que nos parece relevante, polo que se refire á consolidación do galego no ensino, é que, enquisado o 75,8 do profesorado do centro, unha grande parte manifesta que o seu uso do idioma galego aumentou desde a súa incorporación ao sistema educativo:

### Consideras que antes de dedicarte á docencia falabas...

22 respostas



## 3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Os obxectivos que se establecen neste proxecto lingüístico, e que inspirarán directamente os que se establezan no proxecto de fomento da lingua galega que elaborará anualmente o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro, son os seguintes:

### 3.1. Orientados á contorna sociolingüística do centro.

a) Potenciar o emprego do galego por todos os sectores da comunidade educativa e en todos os espazos de convivencia.



- b) Concienciar o alumnado e as familias da riqueza que supón o uso da lingua propia e a súa conservación e desenvolvemento.
- c) Incidir na importancia e necesidade da transmisión da lingua galega dentro da familia.
- d) Resaltar o valor da lingua galega como ferramenta para comunicarse co mundo da Lusofonía.
- e) Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades de fomento da lingua galega.
- f) Apoiar a comunidade educativa e os departamentos didácticos no uso normalizado do idioma.

### **3.2. Orientados á situación do profesorado.**

- g) Estender o uso das ferramentas TIC en galego entre o profesorado.
- h) Implicar a maior cantidade de profesorado nas actividades de fomento da lingua galega.
- i) Fomentar o galego como lingua de comunicación entre os compoñentes do claustro do profesorado e co resto do persoal non docente.

### **3.3. Orientados á situación do alumnado.**

- l) Organizar actividades variadas que contribúan a estender o uso do galego a todos os ámbitos da actividade cotiá.
- m) Fomentar a valoración do idioma galego como o primeiro sinal de identidade do noso pobo.
- ñ) Dar a coñecer a situación sociolingüística do país, contribuíndo á mellora da consideración social do idioma e ao rexeitamento dos prexuízos lingüísticos.

### **3.3. Orientados á situación lingüística do centro.**

- o) Concienciar a toda a comunidade educativa, para que estenda o uso do galego aos seus escritos e comunicacións persoais.
- p) Facer un uso natural do galego, como un acto normal de emprego da lingua propia do territorio en que vivimos.
- q) Facer visible o galego no centro a través de todo tipo de comunicacións e material gráfico e visual que se expoña no recinto.



#### 4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

As liñas de actuación que se establecen neste proxecto lingüístico serán as que inspiren as actuacións que se deseñen no proxecto de fomento anual do EDLG do centro. O Equipo de Dinamización da Lingua Galega posuirá, como indica o artigo 15, apartado 3 do Decreto 79/2010, un “papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos”. O EDLG do IES Camilo José Cela presentará un proxecto de fomento que optará ás axudas para a promoción do idioma que convoca anualmente a Dirección Xeral de Política Lingüística.

##### 4.1. Mellora sociolingüística do contorno. (Obxectivos a, b, c, d, f)

Esta liña de actuación potenciará a difusión entre toda a comunidade das medidas dinamizadoras e normalizadoras que emanen da actividade do EDLG. As medidas máis destacadas neste eido organizaranse a través das seguintes iniciativas:

- *Blog do EDGL*, [iriafala@blogspot.com](mailto:iriafala@blogspot.com). Será unha canle de difusión de toda a actividade do equipo.

- Mantemento da *páxina web do centro*. O equipo directivo dará protagonismo á actividade dinamizadora e fará constancia de información a través deste medio.

- Colaboración coas institucións públicas e privadas, como a propia Consellaría (sobre todo a través da participación no concurso de axudas aos proxectos de fomento do galego da Secretaría Xeral de Política Lingüística), o Concello de Padrón (a través da Concellalía de Cultura, coa que se desenvolven iniciativas como a Festa da Lingua), os centros educativos veciños (onde destacamos iniciativas como *Adopta un lector ou unha lectora*, en colaboración co alumnado de Infantil do CEIP Flavia) e outras organizacións sociais, veciñais e culturais.

- Edición da Revista Escolar *Leliadoura*. Esta publicación, histórica na nosa comunidade educativa, pasou por diferentes fases e foi revitalizada no curso 2017-2018 polo EDLG. Nela adoita facerse un resumo das diferentes actividades de cada curso e incluír reportaxes e entrevistas de interese que afondan na normalización do idioma.



#### 4.2. Apoio lingüístico ao profesorado. (Obxectivos g, h, i)

Esta liña de actuación centrarase na difusión da actividade normalizadora e no asesoramento lingüístico entre o profesorado, levando a cabo iniciativas como as seguintes:

- Atención ás necesidades os Departamentos Didácticos e das aulas-materia, proporcionándolles todo tipo de materiais que faciliten a actividade didáctica e a comunicación escrita en galego, prestando atención principalmente á difusión de ferramentas TIC para a docencia en galego.

- Promoción e visibilidade das actividades do EDLG entre o profesorado a través das diferentes canles de comunicación, especialmente visuais (taboleiros, paneis, cartaces...) e dixitais (páxina web, blogs...).

- Difusión do emprego de ferramentas básicas de comunicación en galego: configuración dos exploradores web en galego, sistemas operativos, Libre Office...

- Potenciación do centro como lugar de encontro e da lingua galega como elemento de cohesión grupal a través da implicación do profesorado en diversas iniciativas arredor do idioma: coloquios, exposicións, faladoiros, recitais, cinema, teatro, actividades deportivas...

- Asesoramento lingüístico xeral, especialmente no referente ao léxico especializado das diversas disciplinas e ás escollos terminolóxicas que se enmarquen no traballo co Currículo Integrado das Linguas.

#### 4.3. Potenciación das actividades dirixidas ao alumnado. (Obxectivos l, m, ñ)

As actividades dirixidas ao alumnado organizaranse arredor duns eixos xerais que detallamos a continuación.

- Contribución a unha valoración positiva do idioma galego e rexeitamento de prexuízos. Neste eixo concretaranse iniciativas como:

- Difusión dunha imaxe moderna e positiva da lingua a través dos taboleiros de anuncios da entrada e a pantalla situada enriba da ventá da oficina, onde se proxectan novas e imaxes relacionadas coa promoción e difusión da lingua galega.

- Promoción da asistencia a representacións teatrais de obras en galego e de películas orixinais en galego, pero tamén dobradas ou subtituladas ao noso idioma.



–Fomento das relacións sociais en galego a través de encontros con alumnado doutros EDLG, con alumnado doutras etapas educativas como a Educación Infantil ou cos nosos maiores, reserva da nosa lingua e peza clave na súa transmisión.

■ Promoción das actividades encamiñadas a aumentar o emprego do idioma nos distintos ámbitos de interese do alumnado. Neste eixo concretaranse iniciativas basicamente arredor de dous tipos de accións:

–Commemoración de datas e eventos significativos.

–Colaboración social. As actividades dirixidas ao alumnado procurarán achegar unha perspectiva social, promovendo a realización de accións en colaboración con ONG's como a Fundación Amigos de Galicia ou asociacións como AMIPA.

■ Fomento do emprego do idioma galego de xeito público, en actividades que transcendan o ámbito local e familiar, como por exemplo:

–Redes sociais e medios dixitais.

–Visualización en medios de comunicación convencionais.

–Actos festivos e reivindicativos.

#### **4.4. Mellora sociolingüística do centro.** (Obxectivos o, p, q)

Unha derradeira liña de actuación xenérica céntrase na mellora sociolingüística xeral do centro. Identificaremos como centros de actuación máis destacados:

■ A colaboración e participación do alumnado. Procurarase ampliar a colaboración activa co EDLG, aumentando o número de membros, equilibrando o número de mulleres e homes e establecendo unha hora de reunión semanal para cohesionar o equipo e conseguir unha maior visualización das actividades organizadas.

■ A Biblioteca do centro. Activarase a participación do alumnado, en relación cos proxectos en marcha da Biblioteca como o Club de Lectura Galeano, o Voluntariado na Biblioteca Escolar, os concursos, actividades de lecturas compartidas... e, en xeral, todas as iniciativas de promoción da lectura na Biblioteca. Ademais, poñerase especial empeño en contribuír á dotación da Biblioteca con máis e mellores fondos en galego.

■ A acción e implicación na promoción do idioma a través de estruturas e proxectos que se desenvolvan no centro. No IES Camilo José Cela están en marcha dinámicas arredor de diferentes proxectos en que se realizan actividades cooperativas que relacionan a profesorado e alumnado: o Equipo de Mediación, o Club de Letras, o



Proxecto Solidario ou o Proxecto Terra. Procurarase a potenciación do idioma tamén a través das actividades relacionadas con estes proxectos.

■ Indicadores e rótulos do centro. Prestarase especial atención á rotulación de espazos, entradas e saídas, paneis e dependencias do centro, renovando e actualizando a xa existente. Neste apartado apoiarase especialmente aos membros da comunidade escolar que realicen as súas comunicacións a través de espazos de exposición como taboleiros ou paneis colocados en lugares visibles do centro, para coidar o emprego da lingua nestas canles.

## 5. REPARTO DE MATERIAS POLO IDIOMA EN QUE SE IMPARTEN

Realízase a seguinte proposta de reparto de idioma vehicular por materias e niveis para o *curso 2019-2020*. Hai que ter en conta que a proposta poderá ser axustada puntualmente, co cambio a adscrición de idioma dalgunha materia en función de posibles desequilibrios provocados pola configuración da optatividade nalgún grupo.

1º ESO			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	4 h	Lingua Castelá e Lit.	4 h
Xeografía e Historia	3 h	Matemáticas	5 h
Bioloxía e Xeoloxía	4 h	Ed. Física	2 h
Educación Financeira	1 h	Relixión	1 h
Ed. Plástica e Visual	2 h	Valores Éticos	1 h
Titoría	1 h	Promoción Estilos de Vida Saudable	1h
Promoción estilos Vida Saudable	1h	Obradoiro de Música	1h
<b>Total</b>	<b>16 h</b>	<b>Total</b>	<b>15 h</b>

2º ESO			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit.	3 h
Xeografía e Historia	3 h	Matemáticas	5 h
Ed. Física	2 h	Tecnoloxía	3 h
Relixión	1 h	Física e Química	2 h
Música	2 h	Programación	1 h
Titoría	1 h		
Oratoria	1 h		
Valores Éticos	1 h		
<b>Total</b>	<b>14 h</b>	<b>Total</b>	<b>14 h</b>



<b>3º ESO</b>			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit	3 h
Xeografía e Historia	3 h	Matemáticas	4 h
Bioloxía e Xeoloxía	2 h	Tecnoloxía	2 h
Ed. Plástica e Visual	2 h	Música	2 h
Valores Éticos	1 h	Física e Química	2 h
Ed. Física	2 h	Titoría	1 h
Relixión	1 h		
<b>Total</b>	<b>14 h</b>	<b>Total</b>	<b>14 h</b>

<b>4º ESO</b>			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit.	3 h
Xeografía e Hª	3 h	Matemáticas Ac	3 h
Bioloxía e Xeoloxía	3 h	Tecnoloxía	3 h
Latín	3 h	Música	3 h
Relixión	1 h	Física e Química	3 h
Titoría	1 h	Cultura Científica	3 h
Valores Éticos	1 h	Ed. Física	2 h
Filosofía	3 h		
<b>Total</b>	<b>18 h</b>	<b>Total</b>	<b>20 h</b>

<b>1ºBACH Ciencias e Tecnoloxía</b>			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit.	3 h
Cultura e Lingua Italiana	1 h	Ed. Física	2 h
Filosofía	3 h	Relixión	1 h
Matemáticas I	4 h	Física e Química	4 h
Bio Xeo. / Debuxo T.	4 h	TIC	2 h
Anatomía Aplicada	3 h	Tecnoloxía Ind.	4 h
<b>Total</b>	<b>18 h</b>	<b>Total</b>	<b>16 h</b>

<b>1ºBACH Humanidades e CCSS</b>			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit	3 h
Cultura e Lingua Italiana	1 h	Ed. Física	2 h
Filosofía	3 h	Relixión	1 h
		Matem. Ap. ás CCSS	4 h
Hist. do Mundo Contemporáneo	4 h	Economía	4 h
Latín	4 h	Literatura Universal	4 h
Economía	4 h	Linguaxe e Práctica Musical	3 h
<b>Total</b>	<b>19 h</b>	<b>Total</b>	<b>21 h</b>



2º BACH Ciencias e Tecnoloxía			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit	3 h
Hª de España	3 h	Física	4 h
Métodos Estatísticos e Num.	2 h	Matemáticas II	4 h
Bioloxía	4 h	Química	4 h
Ciencias da Terra e do Medio	3 h	Hª da Música e da danza	3 h
Xeografía e Historia de Galicia	2 h	TIC II	3 h
<b>Total</b>	<b>17 h</b>	<b>Total</b>	<b>21 h</b>

2º BACH Humanidades e CCSS			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit	3 h
Hª de España	3 h	Latín II	4 h
Hª da Filosofía	3 h	Métodos Estatísticos e Num.	2 h
Psicoloxía	3 h	TIC II	3 h
Mat. Ap. CCSS II	4 h	Hª da Arte	4 h
Xeografía e Historia de Galicia	2 h	Economía da Empresa	4 h
Métodos Estatísticos e Num.	2 h	Hª da Música e da danza	3 h
<b>Total</b>	<b>20 h</b>	<b>Total</b>	<b>23 h</b>

O reparto de materias será revisado cada curso e explicado na *addenda do proxecto lingüístico* (segundo o artigo 14, apartado 4 do *Decreto 79/2010*) que se envíe á inspección educativa. Para a elaboración deste reparto teranse en conta sempre as seguintes indicacións:

1. Para compensar a impartición exclusiva das materias científicas en castelán na ESO, procurarase inverter esta situación no Bacharelato, impartindo materias científicas en galego e, en calquera caso, **sempre a materia de Matemáticas será impartida en galego no Bacharelato.**

2. Sempre que o profesorado manifieste unha predisposición cara á impartición da súa materia nunha lingua ou outra, deberá comunicalo e isto será tido en conta, na medida do posible, no reparto lingüístico das materias, **sen que supoña un condicionante** para a asignación lingüística das materias.

3. As **exencións da materia de Lingua Galega e Literatura** non terán reflexo no reparto global de linguas por materia. Estas seguirán o seguinte *protocolo*:

a) Cando se presente unha solicitude de exención, en primeiro lugar farase unha análise por se procede e entra nos presupostos contemplados na *Orde de 10 de febreiro de 2014*.





b) Unha vez comprobada a solicitude, realizarase unha entrevista co alumno ou coa alumna e a súa familia, onde se informará das condicións da exención e se valorará se esta medida é axeitada para o caso concreto do/a solicitante.

c) Tendo en conta as análises realizadas, a dirección emitirá unha resolución nun prazo de cinco días desde a realización da entrevista.

4. Segundo se indica no artigo 12, alínea 2 do *Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, “nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como do alumnado. Do mesmo xeito, no IES Camilo José Cela, as materias de linguas estranxeiras impartiranse no idioma estranxeiro correspondente e tenderán a empregar ese idioma progresivamente como lingua vehicular, sen prexuízo do idioma oficial que escolla o alumnado para expresarse, segundo se indica na alínea 3 do artigo citado anteriormente.

## 6. MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

Cómpre ter en conta o alumnado con dominio insuficiente dalgunha das dúas linguas oficiais e vehiculares do ensino en Galicia. O esperable na nosa situación é atoparnos cos seguintes casos:

- ▶ Alumnado estranxeiro que ten dificultades coas destrezas básicas (lecto-escritura, comprensión lectora...) en galego e/ou en castelán.
- ▶ Alumnado pertencente a familias de emigrantes retornados doutras comunidades ou doutros países.

### **Detección do alumnado con insuficiente dominio das linguas.**

As insuficiencias no dominio das linguas deben detectarse partindo dos informes previos do alumnado novo, que están custodiados no Departamento de Orientación, e da avaliación inicial que realizan os departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá. Esta información permitirá tomar as decisións de tipo curricular ou organizativo que se consideren oportunas.



### **Medidas de reforzo na aula.**

Cómpre deseñar medidas ordinarias de atención á diversidade. Estas consistirían en programas de reforzo educativo na aula e programas específicos personalizados. Durante o curso, o profesorado deste alumnado con insuficiente competencia lingüística deberá elaborar estratexias e materiais para garantir o normal seguimento da actividade da aula por parte deste alumnado. Ademais, adaptará o ritmo de introdución de novos contidos e propondrá actividades de aprendizaxe diferentes, se é o caso. Tamén estará en contacto continuo co profesorado titor para controlar a aplicación de medidas de reforzo.

### **Medidas de reforzo fóra da aula de referencia.**

- Exención da Segunda Lingua Estranxeira. Esta medida extraordinaria de atención á diversidade tomarase, co consentimento da familia, para substituír esta materia polo Reforzo da lingua en que presente máis dificultades, durante dúas horas semanais nos dous primeiros cursos da ESO.

- Agrupamentos de Lingua Castelá (en 1º de ESO) ou de Lingua Galega (en 2º de ESO). Para adoptar esta medida extraordinaria de atención á diversidade realizarase unha avaliación por parte do profesorado e tamén se consultará a familia.

### **Outras medidas extraordinarias.**

- Grupo de adquisición de linguas. En caso de que haxa un número significativo de alumnado con necesidades de aprendizaxe dalgunha das linguas oficiais, botaríase man desta medida. Este grupo estaría a cargo de profesorado con dispoñibilidade horaria e especialista na área das linguas que se precise adquirir.

- Atención de profesorado de apoio especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

- Adaptación curricular significativa. Nos casos de maior dificultade para adquisición das linguas oficiais, en especial cando haxa asociada algunha outra necesidade educativa especial, poderanse facer ACS intervindo directamente sobre o currículo.



## 7. CONCRECIÓN DE MEDIDAS PARA IMPARTIR O CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS

O Tratamento Integrado das Linguas (TIL) no currículo é un mandato recollido no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, no que se menciona no Artigo 11 (apartado 10) dedicado aos principios metodolóxicos na ESO: “Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas das súa oferta educativa [...] No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de cada lingua”*. En termos moi similares se expresa o Artigo 27 (apartado 5), dedicado aos principios metodolóxicos no Bacharelato.

O concepto de Tratamento Integrado de Linguas foise estendendo nos últimos anos como un xeito de programar de forma consensuada as linguas que forman parte do currículo. O propio Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas, que constitúe o marco de referencia para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas, defende no seu Capítulo 2 que un ensino de linguas “que sexa integrador, transparente e coherente, debe estar relacionado cunha visión moi xeral da aprendizaxe de linguas”. É dicir, que este xeito integrado de tratar a competencia comunicativa e as destrezas lingüísticas nos distintos idiomas é parte esencial da competencia plurilingüe que se pretende desenvolver no alumnado.

### **Terminoloxía.**

No que se refire a acordos en terminoloxía lingüística, é destacable como punto de partida que xa houbo entendementos entre os Departamentos de Lingua Galega e Literatura e Lingua Española e Literatura en eidos como o emprego da mesma terminoloxía no referente á análise sintáctica en 2º de Bacharelato.

Alcánzanse acordos como:



–Con respecto aos principais tempos verbais, estableceranse as seguintes correspondencias:

Galego	Castelán	Inglés	Francés
Pretérito Perfecto	Pretérito Perfecto Simple	Simple Past	Passé Composé
	Pretérito Perfecto Compuesto	Present Perfect (*Continuous)	Passé Composé
Pretérito Imperfecto	Pretérito Imperfecto	Past Simple (*Continuous)	Imparfait
Pretérito Pluscuamperfecto	Pretérito Pluscuamperfecto	Past Perfect	Plus-que-parfait

–Acórdase o uso do Alfabeto Fonético Internacional (AFI) en todas as materias lingüísticas, de cara a traballar contidos fonéticos cuns mesmos signos que faciliten o entendemento das secuencias transcritas.

–Empregaranse os termos *frase* (fronte a sintagma), *modificador* (fronte a complemento), *letra* (fronte a grafema ou grafía) e *acento gráfico* (mellor que til).

–Acordo nos tipos de denominación da modalidade oracional: *aseverativa* ou *declarativa*, *desiderativa*, *interrogativa* e *imperativa* ou *exhortativa* (ademais das denominacións doutras posibles modalidades como *exclamativa* e *afirmativa / negativa*).

### **Criterios metodolóxicos.**

A coordinación entre o profesorado dos departamentos de linguas evitará a aplicación de principios metodolóxicos que poidan ser contraditorios.

O tratamento integrado das linguas está intrinsecamente relacionado co estudo da lingua en uso e co enfoque comunicativo da lingua. Polo tanto, progresarase na posta en marcha de *proxectos* e no deseño de *tarefas globais* sobre textos.

A proposta de proxectos comezará polos de base lingüística, para buscar cada vez máis a interdisciplinabilidade. Algún exemplo de proxectos que se poñerán en marcha entre os departamentos lingüísticos terán como base:

–O tratamento de conceptos sociolingüísticos (*bilingüismo*, *diglosia*, *planificación lingüística*, *prexuízos lingüísticos*...) desde o punto de vista de diferentes linguas e das sociedades en que se desenvolven.

–Elaboración de materiais (guías, folletos en varios idiomas...) e estudos sobre aspectos lingüístico-culturais propios do noso contorno: o Camiño de Santiago, a Rota Rosaliana...



–Análise da actividade xornalística, da estrutura dos medios de prensa escrita e dixital e dos xéneros xornalísticos en diferentes linguas. Para isto aproveitaranse experiencias e actividades xa en desenvolvemento nalgúns departamentos e niveis, como a colaboración co Programa Prensa Escola de *La Voz de Galicia*.

–O emprego das novas tecnoloxías e o seu aproveitamento para a produción de materiais lingüísticos ou de base lingüística (por exemplo, empregando a prensa dixital como se menciona no apartado anterior), sacando partido do equipamento ABALAR do que está dotado o centro.

–Outras actividades interdisciplinares que poderán adoptar un enfoque comunicativo que integre as diferentes linguas curriculares do centro serán a posta en marcha dun festival teatral (aproveitando pasadas experiencias teatrais de gran éxito no centro), o mercado solidario e os concursos de cociña tradicional (que partirán das experiencias gastronómicas ensaiadas con motivo do Samaín e do Entroido).

### **Tratamento dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe.**

Polo que se refire aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, a nosa proposta é camiñar cara á agrupación dos Bloques de expresión oral e escrita nun único bloque común a todas as linguas.

Isto pódese realizar en principio, tendo ademais en conta a experiencia de agrupación de materias en Ámbitos nos niveis impartidos no IES en cursos anteriores como PCPI (inicialmente Garantía Social) e Diversificación Curricular, no programa educativo denominado PMAR. No IES Camilo José Cela adóitase impartir o PMAR do nivel de 3º de ESO, que consiste nunha medida de atención á diversidade en que as materias de Ciencias Sociais, Lingua Galega e Lingua Española se agrupan nun Ámbito único. Neste caso, aproveitando a integración efectiva destas dúas materias no currículo, estudárase a posibilidade de integrar tamén o Inglés, de cara a unha Programación conxunta das tres materias no PMAR.

No eido das medidas de atención á diversidade, tamén se poderán estruturar programacións integradas no caso das ACS (Adaptacións Curriculares Significativas). Neste caso poderase sacar partido á simplificación de contidos e reestruturación de criterios e estándares, xa inherente a este tipo de actuacións, de xeito que se poida profundar nunha programación integrada das linguas para este alumnado.



## 8. OBXECTIVOS E MEDIOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BILINGÜE.

Segundo a *ORDE do 12 de maio de 2011*, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario, *unha sección bilingüe é a organización do ensino dunha materia non lingüística, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe, dentro do enfoque AICLE/CLIL (aprendizaxe integrada de contidos e linguas): na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas.*

Foi no curso 1999-2000 cando a Consellería de Educación puxo en marcha o primeiro proxecto de seccións bilingües, entón chamadas europeas, destinado a mellorar a formación do alumnado no coñecemento das linguas estranxeiras pertencentes ao espazo cultural europeo, en consonancia coas consideracións da Comisión Europea, que sostíña que a aprendizaxe de linguas era un elemento esencial no proceso de construción dunha identidade europea.

Igual que sucedeu cos programas europeos, o IES *Camilo José Cela* foi pioneiro neste terreo. A oferta de seccións bilingües, no noso caso sempre en inglés, comezou no ano 2007, cando o Departamento de Bioloxía se brindou a impartir de xeito bilingüe a materia de Bioloxía e Xeoloxía en 1º de Bacharelato; nos anos seguintes decidiu que era máis axeitado desenvolver a sección en 3º e 4º da ESO. Máis tarde, en 2010, o Departamento de Latín sumouse ao proxecto ofrecendo a posibilidade de cursar como bilingüe a materia de Cultura Clásica en 3º de ESO, oferta que só se mantivo un ano por falta de alumnado. En 2015, o Departamento de Educación Física incorporouse ao plan en 3º de ESO. Por último, en 2016 o Departamento de Tecnoloxía creou unha sección bilingüe, tamén en 3º de ESO.

Lamentablemente, as seccións bilingües de Bioloxía e Educación Física desapareceron ao trasladarse o profesorado que impartía esas materias; e polo que respecta á de Tecnoloxía, a falta de horas no departamento correspondente fixo imposible manter a oferta no curso 2019-20. A pesar da situación actual, o equipo directivo está fondamente interesado en **recuperar e promover as seccións bilingües**, dado o interese (acreditado nas enquisas realizadas para este proxecto) que suscitan no



alumnado e nas familias. A utilización dunha lingua estranxeira, habitualmente inglés ou francés, como lingua vehicular no ensino doutras materia contribúe sen lugar a dúbidas a mellorar a competencia comunicativa do alumnado.

### **Obxectivos xerais das seccións bilingües.**

Ao non contar neste momento con ningunha sección bilingüe, só podemos fixar os obxectivos cun carácter xeral, xa que deben ser válidos para calquera materia e nivel.

#### *Para o alumnado*

1. Mellorar a competencia en comunicación lingüística.
2. Potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras.
3. Divulgar o coñecemento da realidade lingüística europea.
4. Contribuír á creación dunha identidade europea.

#### *Para o profesorado*

5. Incentivar a formación lingüística do profesorado.
6. Potenciar a colaboración entre docentes.
7. Promover a participación do centro en programas educativos europeos.

### **Obxectivos específicos das Seccións Bilingües.**

En canto aos obxectivos específicos, só podemos establecer os estritamente lingüísticos. Porén, cada sección bilingüe debe engadir os que lle sexan propios.

1. Utilizar a lingua estranxeira (L2, no noso caso inglés ou francés) en polo menos o 50% do horario da materia obxecto da sección bilingüe, pero con vontade de acadar unha porcentaxe maior.
2. Utilizar a lingua estranxeira (L2) oralmente para reclamar atención, solicitar información, formular preguntas, expor ideas e interactuar con alumnado.
3. Comprender textos que conteñan información relativa aos contidos da materia cun grao de complexidade adecuado ao nivel de competencia lingüística do alumnado.
4. Redactar textos escolares na lingua estranxeira coa corrección requirida para a súa idade e utilizando as estruturas gramaticais axeitadas ao seu nivel de estudos.
5. Adquirir o vocabulario correspondente aos contidos curriculares da materia que se imparte en lingua estranxeira.



### **Medios previstos para o desenvolvemento do Proxecto Bilingüe.**

Con carácter xeral, o equipo directivo axudará a todo o profesorado que estea interesado en poñer en marcha unha sección bilingüe e guiarao na elaboración do proxecto. Neste senso, e co obxecto de acadar os obxectivos fixados, especialmente os específicos, propoñemos unha serie de **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS**.

#### **a. Progresividade**

O primeiro paso será avaliar o nivel lingüístico do alumnado: a capacidade de comprensión da lingua oral, a fluidez do seu uso oral e escrito e, sobre todo, as diferenzas de nivel. A partir desta avaliación inicial, a lingua estranxeira (L2) utilizarase nas clases de xeito progresivo ata acadar o 50% establecido no plan.

#### **b. Cambio de código para resolver problemas de competencia comunicativa**

Sempre que sexa necesario, pero en particular nas primeiras etapas do proceso, poderase recorrer á lingua propia (L1) para posibilitar a comprensión dos contidos.

#### **c. Supervisión continuada do profesor coordinador**

Para velar pola corrección da linguaxe utilizada na L2, o profesorado coordinador resolverá todas as dúbidas que vaian xurdindo ao longo do proceso e asesorará ao profesorado CLIL na selección do material escrito e audiovisual utilizado, para asegurar que se axusta ao nivel de competencia lingüística do alumnado.

#### **d. Aprendizaxe do vocabulario**

Un dos obxectivos das seccións bilingües é ampliar o vocabulario do alumnado, engadindo termos máis técnicos propios de cada unha das materias. Por iso, o primeiro paso antes de emprender o estudo da materia específica é establecer un vocabulario básico que vai servir de *chave* para afrontar o traballo da materia na lingua estranxeira (L2).





## e. Traballo das competencias comunicativas

### • Competencia en expresión oral

A lingua utilizada nas clases polo profesorado e o alumnado debe ser a lingua estranxeira, isto é, a L2, traballando deste modo a expresión oral. O profesorado CLIL, que non é especialista en lingua estranxeira, senón na súa propia materia, debe centrarse en que o alumnado adquira os coñecementos propios da súa materia antes que en corrixir a súa expresión lingüística.

### • Competencia en comprensión oral

Polo que respecta á comprensión oral, a rede ofrece unha grande variedade de materiais que permiten traballala a fondo. O profesorado CLIL propondrá actividades similares ás que utiliza o profesorado de linguas estranxeiras pero con contidos propios da materia: escoitar e completar textos, escoitar e reordenar a información, escoitar e responder a unhas preguntas...

### • Competencia en comprensión escrita

Sempre que sexa posible recomendarase a adquisición do libro de texto na L2 para traballar a comprensión lectora dende o primeiro día de curso pois, en xeral, é nesta destreza onde o alumnado presenta un maior nivel de coñecemento.

Polo demais, proporanse actividades similares ás que utiliza o profesorado de linguas estranxeiras pero manexando os contidos propios da materia correspondente: completar textos co vocabulario básico da unidade, reordenar textos previamente desordenados, emparellar textos e imaxes, responder preguntas sobre un texto para avaliar o nivel de comprensión lectora...

### • Competencia en expresión escrita

Probablemente sexa a competencia en expresión escrita a máis complexa de adquirir. O profesorado da materia, unha vez asesorado polo profesorado coordinador, propondrá as estruturas modelo que lles permitan producir textos sinxelos utilizando o vocabulario básico de cada unidade.